

## AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

*Resolución do 29 de xaneiro de 2007 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.*

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa, da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Coa aprobación da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, segundo a redacción dada pola Orde do 11 de abril de 2006 (DOG do 8 de maio) complétase o sistema para avaliar ou emitir informe das actividades docentes e investigadoras, previas á asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento do labor docente e investigador dos profesores pertencentes ao sistema universitario de Galicia.

Nesta orde dispónse que, a través do Consello de Dirección da ACSUG, se poderán realizar ata dúas convocatorias de valoración previa á asignación dos complementos retributivos. Do mesmo xeito, establécese que en cada convocatoria se establecerá a data concreta en que os solicitantes deberán ter cumprido o requisito establecido no artigo 6, números 1º.3 e 2º.3 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo.

Por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro) publícanse os acordos do Consello de Dirección da ACSUG, de delegación de competencias no seu presidente e no director da axencia.

De conformidade co exposto,

### **RESOLVO:**

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria ordinaria, e abrir o prazo de presentación de instancias, para solicitar a valoración previa á asignación das retribucións individuais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e o complemento de recoñecemento ao labor investigador, establecidos, respectivamente, no artigo 2.1º e 2.2º, do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

Segunda.-Destinatarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais

docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, poderá solicitar esta valoración previa á asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior, o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas que compoñen o sistema universitario de Galicia (SUG).

2. Tendo en conta o carácter individual e consolidable destes complementos, non se admitirán a trámite as solicitudes dos solicitantes que xa fosen valoradas favorablemente en convocatorias anteriores.

Terceira.-Requisitos.

De conformidade co citado artigo 1 do Decreto 55/2004, 4 de marzo, os artigos 6.1º e 6.2º da mesma disposición, así como co disposto polos artigos 2 e 3 da Orde do 16 de abril de 2004, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, segundo a redacción dada pola Orde do 11 de abril de 2006 (DOG do 8 de maio), para obter a valoración positiva, será necesario:

a) Para o complemento de recoñecemento ao labor docente:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente, como funcionario ou como contratado doutor, de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a súa praza sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar, polo menos, un ano de servizo na súa praza, cumprido o 31 de decembro de 2006.

4. Ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia.

5. Valoración positiva, dos méritos en que se sustente a solicitude, pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación na Orde do 16 de abril de 2004, relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, segundo a redacción dada pola Orde do 11 de abril de 2006 (DOG do 8 de maio).

b) Para o complemento de recoñecemento ao labor investigador:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente, como funcionario ou contratado doutor, de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a súa praza sexa fixa e estable con carácter permanente, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza, cumprido o 31 de decembro de 2006.

4. Ter presentado na universidade un traballo de investigación, que sendo xulgado por un tribunal avaliador, lle teña outorgado o grao de doutor.

5. Valoración positiva, dos méritos en que se sustente a solicitude, pola ACSUG, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación na Orde do 16 de abril de 2004, relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar

os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, segundo a redacción dada pola Orde do 11 de abril de 2006 (DOG do 8 de maio).

#### Cuarta.-Solicitudes.

1. As solicitudes dirixíranse ao presidente do Consello de Dirección da ACSUG, e presentaríanse ante esta no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo I a esta resolución.

Estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como nos rexistros de calquera das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

2. As solicitudes que se presenten deberán indicar cun aspa para cal ou cales das retribucións adicionais se solicita a valoración. No caso de que se solicite a valoración previa das dúas retribucións farase na mesma instancia.

#### Quinta.-Documentación.

1. Os interesados deberán presentar xunta coa súa solicitude unha fotocopia do DNI ou documento equivalente acreditativo da identidade do solicitante.

2. Ademais, en función do complemento retributivo para o que se solicite a valoración, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

a) Para o complemento de recoñecemento ao labor docente:

-Breve memoria de autoavaliación do labor docente que se presentará de acordo co modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.A.

b) Para o complemento de recoñecemento ao labor investigador:

-Xustificante de grao de doutor (este requisito non será preciso para os solicitantes que sexan profesores de corpos docentes en que se exixa o título de doutor, circunstancia esta última que se deberá facer constar na solicitude).

-Breve memoria de autoavaliación do labor investigador que se presentará de acordo co modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.B.

3. Para a comprobación do cumprimento dos demais requisitos exixidos na base terceira e non especificados nos dous puntos anteriores, a ACSUG solicitará ás universidades do SUG unha listaxe oficial en que se certifique se os solicitantes están integrados no cadro de persoal docente e investigador da universidade que lle corresponda, nos termos exixidos nesa base.

4. Tanto o modelo normalizado de instancia (anexo I), común para ambos os dous complementos, como as memorias de autoavaliación (anexo II.A e II.B) poderán cubrirse no formato electrónico que estará á disposición dos interesados na web [www.acsug.es](http://www.acsug.es). Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, o modelo normalizado de instancia (anexo I) deberase imprimir e asinar debidamente, e presentar ante a axencia, do xeito que se establece na base cuarta. Este requisito será imprescindible para considerar a solicitude presentada polos interesados. Os restantes documentos poderán xuntarse telematicamente a través da aplicación que se atopa na web da ACSUG, á que se fai referencia neste parágrafo.

5. No caso de que se solicite a valoración previa á asignación das dúas retribucións adicionais, os docu-

mentos que acrediten os mesmos extremos das respectivas retribucións, non será necesario repetilos.

#### Sexta.-Prazo.

O prazo para presentar instancias será de 30 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Sétima.-Emenda e mellora da solicitude.

Cando as solicitudes presentadas en prazo polos interesados non reúnan os requisitos exixidos pola normativa que lle resulta de aplicación ou non se xuntasen os documentos exixidos nestas bases, a ACSUG requirirá o interesado para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a carencia, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992; no caso de non contestar ao requirimento considerarase que desistiu da súa petición, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

#### Oitava.-Procedemento.

1. O procedemento para a tramitación das solicitudes farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de abril de 2004, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliacións, Certificación e Acreditación, relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador segundo a redacción dada pola Orde do 11 de abril de 2006 (DOG do 8 de maio).

2. Os acordos de valoración adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, previos á asignación singular e individual dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, que serán notificados a cada solicitante persoal e directamente, esgotan a vía administrativa, e poderán ser obxecto de recurso en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, os acordos de valoración adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades, para que os seus consellos sociais procedan, se é o caso, á asignación singular e individual dos referidos complementos.

#### Novena.-Protección de datos de carácter persoal.

Na presente convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Lamas de Abade, s/n, edif. I.E.S. Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

#### Décima.-Entrada en vigor.

A presente resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2007.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz

Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE VALORACIÓN PREVIA Á ASIGNACIÓN DAS RETRIBUCIÓN ADICIONAIS VINCULADAS A MÉRITOS INDIVIDUAIS DOCENTES, INVESTIGADORES E DE XESTIÓN**

**1. DATOS DO SOLICITANTE**

1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI	Data nacemento	Sexo
Enderezo		Código postal	Cidade	Provincia	
Telefone	Fax	Correo electrónico			
Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/>	Universidade:				
Centro:	Departamento:				
Area de coñecemento:	Código:				

**2. RETRIBUCIÓN ADICIONAL SOLICITADA.** Os interesados marcarán cun aspa a/s retribución/s que soliciten.

1.- Complemento de recoñecemento ao labor docente

Data da toma de posesión como funcionario ou CD de de de

2.- Complemento de recoñecemento ao labor investigador

Data da obtención do título de doutor de de

**3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA.** Sinalar cun aspa o a documentación que se xunta á solicitude.

<input type="checkbox"/>	1.- Fotocopia do DNI ou documento equivalente
<input type="checkbox"/>	2.- Xustificación de grao de doutor
<input type="checkbox"/>	Non é preciso entregalo se é profesor dos corpos docentes nos que se exige o título de doutor
<input type="checkbox"/>	3.- Breve memoria de autoavaliación do labor docente
<input type="checkbox"/>	4.- Breve memoria de autoavaliación do labor investigador
<input type="checkbox"/>	5.- Outros documentos (indicar cales):

Sinatura do/a solicitante

Santiago de Compostela, de 200

SR. PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, informámolo de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, o cal ten a finalidade de avaliar as solicitudes presentadas para a asignación de complementos retributivos segundo as bases da presente convocatoria. Póñese no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido a AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA-Lamas de Abade, s/n-I.E.S. Compostela 5º andar, 15702-Santiago de Compostela (A Coruña).

Marque cun X este cadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e medición da satisfacción.

Marque cun X este cadro se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisional da valoración.

**ANEXO II-A**

**MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR DOCENTE SOLICITANTE:**

*Formación académica e complementaria:*

*Experiencia docente:*

*Mobilitade, se é o caso:*

**ANEXO II-B**

**MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR INVESTIGADOR SOLICITANTE:**

*Experiencia investigadora:*

*Mobilitade, se é o caso:*

*Outros méritos:*

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 12 de febreiro de 2007 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Vicepresidencia.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, a Vicepresidencia

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a el os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. No caso de que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un funcionario con destino na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, na Administración da Seguridade Social, ou que estea nesta comunidade autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, requirirase informe favorable da Administración de orixe que, de non emitirse no prazo de 15 días e tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, se considerará favorable. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma, procederase á adxudicación do posto para que foi seleccionado.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación no DOG, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Vicepresidencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

#### ANEXO I

Denominación do posto: director/a-administrador/a.

Código: AS.C99.40.302.36001.001.

Nivel:25.

Grupo: ABC.

Corpo/escala: func./estat./laboral.

C. espec.: 9.249,84 euros.

Adscripción administracións públicas: A15 (adscripción indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas, persoal estatutario do Sergas e persoal laboral da Administración da Xunta de Galicia).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego -requisito indispensable-).

Observacións: 10 (se é persoal laboral dos grupos I-II), 13 (complemento de convenio: 6.332,99 euros).

Dependencia: Residencia de Maiores (Pontevedra).

Localidade: Campolongo-Pontevedra.